

GUÍA DOCENTE DE **DANZA E BAILE TRADICIONAL DE GALICIA**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: DANZA E BAILE TRADICIONAL DE GALICIA										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO				Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
	Musicoloxía								Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2h.
ECTS/CUAD.			3						Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo das danzas e bailes tradicionais máis representativos da Comunidade Autónoma galega como manifestacións e expresións culturais dun pobo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X12, X14, X18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI3, EI4, EI10, EM2, EM6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñece-las principais manifestacións musicais danzadas de Galicia, relacionándoas coas formas e xéneros musicais coñecidos.	Todas
Traballar a expresión corporal para a obtención dunha calidade no movemento e dunha interpretación rica en expresividade.	Todas
Coordinar os movementos de pernas, torso, cabeza e brazos, en función do estilo e a danza.	Todas
Comprender a importancia dunha utilización adecuada do espazo.	Todas
Ser consciente da importancia da respiración na execución de exercicios e na interpretación da danza.	Todas
Realizar con sentido rítmico e musicalidade a execución dos movementos que configuran una danza.	Todas
Aprender as diferentes estruturas e movementos da danza galega relacionándoas coas figuras de danza máis comúns.	Todas
Práctica, memorización e elaboración de bailes representativos de Galicia.	Todas

**4. CONTIDOS**

Bailes: Características. Tipos. Diferencia cas danzas.

Danzas: Características. Tipos. Diferencia cos bailes.

Os traxes: Os tecidos. Os agremáns. O traxe tradicional masculino e feminino.

Práctica de baile: Coñecer os bailes máis representativos. Práctica. Memorización.

Traballo de campo: Planificación. Realización.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición teórico-práctica	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Lectura guiada de fontes	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Investigación e exposición de traballos	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presencial	Permanente
Titorías	Presencial	Esporádicamente
Actividades de avaliación	Presencial	Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*